

FICHA DE TRABALLO	
MÓDULO	MICROBIOLOXÍA CLÍNICA
UNIDADE DIDÁCTICA	UD5 e UD6
PRÁCTICA: 11	Identificación fenotípica e antibiograma

#### PROTOCOLO NORMALIZADO DE TRABALLO

### OBXETIVOS

- Objetivos xerais:
  - Identificar a partir de características fenotípicas as bacterias presentes na mostra.
  - Realizar os estudos de sensibilidade a antimicrobianos.
- Objetivos específicos:
  - Describir a morfoloxía microscópica das bacterias presentes na mostra.
  - Utilizar diferentes tipos de medios de cultivo no procesamento dunha mesma mostra, para facer unha aproximación á identificación.
  - Facer sementeira en céspede, para un posterior estudio de sensibilidade a antimicrobianos.
  - Describir a morfoloxía macroscópica das colonias tras o periodo de incubación.
  - Utilizar claves dicotómicas para facer unha identificación presuntiva da bacteria presente na mostra.
  - Utilizar galerías multiproba para unha caracterización bioquímica do xénero ou especie problema.

### MATERIAIS

- Placas de cultivo TSA, MacConkey e Müeller Hinton (preparadas con anterioridade e conservadas en refrixeración)
- Mostra biolóxica: feces (tamén se pode utilizar ouriña, pero sempre tendo en conta a mostra de partida para a posterior interpretación dos resultados).
- Soro fisiolóxico estéril ou auga destilada estéril.
- Gradilla e tubos con tapón de rosca estériles.
- Vórtex.
- Chisqueiro de alcohol.
- Asas de sementar.
- Hisopo estéril.
- Estándar de McFarland 0.5.
- Discos de antibiótico e tiras ETest.
- Materiais necesarios para tinción de Gram: Kit de reactivos de tinción de Gram, cristalizador, ponte tinción, portas, auga destilada para lavados.
- Galería multiproba Enterosystem 18R (para enterobacterias).
- Micropitepa de 200 µL.
- Microscopio de contraste de fases.

## MÉTODO

Esta práctica vaise levar a cabo en varias clases sucesivas.

### **Día 1: Cultivo da mostra problema.**

Sementaremos por esgotamento en zig-zag a tres campos, en agar TSA e en agar MacConkey. Para realizar este paso:

1. Limpar e desinfectar a zona de traballo. Colocar un papel de filtro e dispor todos os materiais necesarios para desenvolver o procedemento.
2. Realizar dilución da mostra en soro fisiológico ou auga destilada estéril.
3. Cargar a asa e sementamos por esgotamento a tres campos, na placa TSA e na placa de agar MacConkey, segundo a técnica descrita no protocolo da práctica nº 7, sempre mantendo as condicións de asepsia.
4. Levar a incubar a 37 °C en condicións de aerobiose.
5. Partindo da dilución feita da mostra, cargamos a asa e facemos un frotis para a súa observación en fresco.
6. Observar o fresco en contraste de fases, tomar fotos e anotar o que se observa.
7. Realizar unha tinción de Gram da mostra, facendo o frotis a partir da dilución da mostra. Seguir o protocolo da tinción de Gram descrito no protocolo da práctica nº1 (Frotis da mostra → fixar con calor → tingir con cristal violeta durante 1 minuto → retirar cristal violeta e aplicar lugol durante 1 minuto → retirar lugol e lavar con auga destilada → cubrir con alcol-acetona durante 20-30 segundos → lavar e retirar ben os restos de colorante → aplicar safranina durante 2 minutos → lavar con auga destilada e deixar secar).
8. Levar a mostra tinguida ó microscopio óptico a 100 X e anotar o que se observa.

### **Día 2: Probas bioquímicas e antibiograma**

1. Limpar e desinfectar a zona de traballo. Colocar un papel de filtro e dispor todos os materiais necesarios para desenvolver o procedemento.
2. Anotar as características das colonias que medraron en TSA e en MacConkey.

*Probas bioquímicas:*

3. Coller unha colonia illada da placa de agar MacConkey.
4. Descargar a asa en soro fisiológico estéril e ir diluindo ata conseguir unha turbidez equivalente ó estándar 0.5 de McFarland.
5. Dispor a galería multiproba Enterosystem 18R no entorno aseptico do chisqueiro.
6. Dispensar 200 µL da suspensión bacteriana en cada celdiña da galería multiproba, descartando a punta de cada vez (axitar cada vez que se tome a mostra).
7. Cubrir as celdiñas: nº2 LDC; nº3 ODC; nº4 ADC; nº7 UR e nº8 H2S, cunha gota de vaselina líquida.
8. Incubar a 37 °C durante 24 horas.

*Antibiograma*

9. Sementar en céspede non hisopo estéril sobre a placa de Müller Hinton, a partir da suspensión bacteriana de turbidez 0.5 McFarland. Facer dúas placas: unha para estudio de difusión en disco e outra para estudio de CMI co sistema ETest.

Precaucións:

- Unha vez preparada a suspensión bacteriana, facer a semienteira nos 15 minutos seguintes, ou como moito antes de 60 minutos.
- As placas deben ter a superficie do agar seca, e a tapa seca, sen condensación, para evitar arrastres do antibióticos e interferencias no procedemento.

10. Colocar de forma aséptica os discos de antibiótico presionando lixeiramente sobre o agar, para que o disco se humedeza e difunda o antibiótico. O disco debe collerse cunha pinza estéril. Colocaremos tres antibióticos diferentes (ampicilina, eritromicina e fosfomicina) suficientemente separados, para que non se solapen os halos de inhibición, en caso de que se presenten. **A colocación dos discos de antibiótico ou tiras de ETest debe facerse nos 15 minutos despois da sementeira, non esperar máis.**
11. De forma similar a como colocamos os discos, colocaremos agora a tira de Etest sobre a outra placa de Müller Hinton sementada, tendo coidado de que a parte impregnada co antibiótico estea hacia abaxo, en contacto co agar.
12. Levaremos a incubar a 37°C durante 24 horas, **tamén antes de que pasen más de 15 minutos desde a colocación dos discos ou tiras de ETest.**

## RESULTADOS

Documenta con fotos os pasos que fuches realizando e os resultados obtidos.


### Día 3: lectura da galería multiproba e lectura do antibiograma

1. Limpar e desinfectar a zona de traballo. Colocar un papel de filtro e dispor todos os materiais necesarios para desenvolver o procedemento.

#### *Lectura Galería multiproba*

2. Despois da incubación, engadir **o reactivo VP na celdiña nº10 VP, e o reactivo de Kovac's na celdiña nº11 IND.**
3. Lectura da galería multiproba Enterosystem 18R: colocaremos un signo – ou un signo + debaixo de cada proba, segundo o resultado sexa negativo ou positivo respectivamente. A lectura faise de 3 en 3 celdiñas. O valor que lle corresponde as celdiñas con resultado negativo é 0, mentes que a segunda celdiña se é positiva asignaráselle un valor de 2, e á terceira celdiña se é positiva asignaráselle un valor de 4. Súmase o resultado para cada tres celdiñas obténdose así os díxitos que van formar o código do m.o problema.

Exemplo:



## Táboa de interpretación de resultados das probas incluidas no test Enterosystem 18R

REACTIONS	GROUP 1		GROUP 2			GROUP 3		GROUP 4		GROUP 5		GROUP 6						
	1-ONPG	2-LDC	3-ODC	4-ADC	5-PD	6-CIT	7-UR	8-H <sub>2</sub> S	9-MLN	10-VP	11-IND	12-GLU	13-MAN	14-INO	15-SOR	16-SAC	17-ARA	18-RAF
POSITIVE TEST	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
NEGATIVE TEST	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○	○

4. Para coñecer o m.o problema a partir do código diríxete a esta URL: [http://www.liofilchem.net/software/code\\_disk/code.php](http://www.liofilchem.net/software/code_disk/code.php), unha vez aquí podes introducir o código numérico obtido ou ben ir cubrindo o resultado (como – ou +) en cada proba.

### Lectura antibiograma

5. Observa se hai presenza de halos de inhibición.
6. No caso da difusión en disco, anota para qué antibióticos hai halos de inhibición e para cásos non. Os que presenten halos de inhibición, anota o diámetro do halo.
7. No caso dos estudos co sistema ETest, anota a CMI para cada tira, especificando sempre o/s antibiótico/s que porta esa tira.

Podedes consultar puntos de corte en:

[https://www.eucast.org/fileadmin/src/media/PDFs/EUCAST\\_files/Breakpoint\\_tables/v\\_14.0\\_Breakpoint\\_Tables.pdf](https://www.eucast.org/fileadmin/src/media/PDFs/EUCAST_files/Breakpoint_tables/v_14.0_Breakpoint_Tables.pdf)

### CUESTIÓNS

1. Tendo en conta a mostra utilizada, qué esperas que medre no medio TSA? e no MacConkey?
2. Por qué utilizamos unha suspensión microbiana de turbidez 0.5 McFarland, para facer a inoculación da galería de probas bioquímicas e para facer o antibiograma?
3. Poderíamos utilizar a mesma galería multiproba Enterosystem 18R para unha sospeita de infección por *Staphylococcus* spp.? Xustifica a túa resposta.
4. Qué concentración de antibiótico tiñan os discos utilizados no antibiograma?
5. Por qué non debemos esperar máis de 15 minutos despois de facer a semienteira en céspede para o antibiograma, para colocar os discos de antibiótico?
6. Tendo en conta o diámetro dos halos de inhibición obtidos no antibiograma, dirías que o m.o en estudo é sensible ou resistente a ese antibiótico?.